

DOMINGO 05 PASCUA CICLO B

PRIMERA Feit 9, 26-31

Contoulles cómo vira ó Señor no camiño

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Chegado Saulo a Xerusalén, procuraba xuntarse cos discípulos; pero todos lle tiñan medo, non crendo que fose discípulo de verdade. Pero Bernabé, colleuno consigo e levouno onda os apóstolos. Saulo contoulles que vira o Señor no camiño, que lle falara e que en Damasco predicara publicamente no nome de Xesús. Conviviu con eles en Xerusalén, predicando con ousadía no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, pero estes queríanlo matar. Ao sabelo, os irmáns levárono para Cesarea e fixérono seguir a Tarso.

Daquela, a Igrexa tiña paz en toda a Xudea, Galilea e mais Samaría. Crecía coma un edificio, progresaba na fidelidade ao Señor e coa asistencia do Espírito Santo ía aumentando en número.

SALMO RESP. Sal 21, 26b-27. 28 e 30. 31-32

R/ (26a): De ti vén a miña louvanza na asemblea

Ou: Aleluia

Cumprirei os meus votos, ante os que te temen.

Os pobres comerán ata fartarse,
louvarán ao Señor os que o buscan
e disfrutarán de vida duradeira.

Acordarán e volverán ao Señor
todos os confíns da terra;
axeonllaranse na súa presenza
as familias todas dos pobos.
A El só adorarán os satisfeitos da terra,
ante El axeonllaranse os que baixan ao po
coa súa alma sen vida.

A súa posteridade hao servir
e proclamará ao Señor polas xeracións.
Cando veñan, cantarán a súa xustiza
e as súas obras para os que nazan.

SEGUNDA 1 Xn 3, 18-24

Éste é o seu mandamento, que creamos e amemos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN XOÁN

Meus filliños, non amemos de palabra e de lingua, senón con feitos e na verdade. Deste xeito saberemos que vivimos conforme a verdade e sosegaremos o noso corazón diante do tribunal de Deus. Porque aínda que o noso corazón nos acuse, Deus é meirande que o noso corazón e coñece todo. Meus amigos, se o corazón non nos acusa, temos confianza para nos achegar a Deus e El dános o que lle pidamos, porque cumprimos cos seus mandamentos e facemos o que a El lle agrada.

Isto é o que El manda: que creamos no seu Fillo Xesús Cristo e que nos queiramos ben uns aos outros, coma el nos mandou. O que cumpre cos seus mandamentos, está en comunión con Deus, e Deus en comunión con el: coñecemos que Deus está en comunión connosco polo Espírito que nos deu.

ALELUIA Xn 1, 4a. 5b:

Permanecede en min e eu en vós, di o Señor;
quen permanece en min, é portador de froito abondoso

DOMINGO 05 PASCUA CICLO B

EVANXEO Xn 15, 1-8

Quen permanece en min e eu nel, é portador de froito abondoso

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Dilles Xesús ós seus discípulos:

Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. O sarmento que en min non leva froito, arríncao; e o que leva froito, pódao, para que leve máis froito aínda. Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado. Permanecede en min e eu en vós.

Así como a rama non pode levar froito pola súa conta, se non permanece na vide, vós tampouco, se non permanecedes en min. Eu son a vide; vós os sarmentos. Quen permanece en min e eu nel, ese leva froito abondoso, pois fóra de min non podedes facer nada. Se alguén non permanece en min, é coma as ramas arrincadas fóra, que secan; apáñanas, bótanas no lume e arden. Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer. Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.